

MEMORIA XUSTIFICATIVA

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS E A ASOCIACIÓN INTERPROFESIONAL DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO (FUNDICOT) PARA A ORGANIZACIÓN E REALIZACIÓN DO XII CONGRESO INTERNACIONAL DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO (XII CIOT)

1.- Competencia

A Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas é o órgano da Administración ao que lle corresponden as competencias e funcións en materia de vivenda, urbanismo, planificación de infraestruturas e ordenación do territorio, agás as previstas no artigo 11.4 da *Lei 4/2023, do 6 de xullo, de ordenación e xestión integrada do litoral de Galicia*, que son exercidas pola consellería competente en materia de medio ambiente.

Nomeadamente, en materia de ordenación do territorio, corresponde á dita consellería a coordinación e, no seu caso, o desenvolvemento e a promoción da política en materia de planificación territorial dentro da Comunidade Autónoma en colaboración cos distintos departamentos da Xunta de Galicia, así como a materialización e posta en práctica da política territorial e de utilización racional do solo coa finalidade de favorecer o desenvolvemento equilibrado e sostible do territorio, contribuír a elevar a calidade de vida e a cohesión social da poboación e protexer e potenciar o patrimonio natural e cultural, sen prexuízo das competencias atribuídas a outros órganos.

Dentro da Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas correspóndelle á Dirección Xeral de Urbanismo exercer as funcións inherentes á dirección, planificación, impulso, xestión e coordinación das competencias que, en materia de urbanismo e ordenación do territorio, ten atribuídas a Consellería, en particular, o fomento da formación e da investigación, e a elaboración e divulgación de estudos e proxectos en materia de urbanismo e ordenación do territorio, de conformidade co apartado c) do artigo 13.1 do *Decreto 142/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da consellería* (DOG núm. 101, do 27 de maio).

2.- Antecedentes

A Asociación Interprofesional de Ordenación do Territorio (FUNDICOT) é unha asociación sen ánimo de lucro fundada no ano 1975 e con sede actualmente en Valencia que ven organizando congresos, simposios e reunións de diversa índole sobre a



ordenación do territorio durante toda a súa traxectoria. Nomeadamente, levan celebrando dende o ano 1988 once Congresos Internacionais de Ordenación do Territorio, sendo a última edición a realizada en Gijón no ano 2023 (XI CIOT), na que a Dirección xeral de Urbanismo participou de forma activa e directa como patrocinadora, cunha achega de 18.148,80 €.

Estes congresos internacionais permiten o intercambio de experiencias entre os seus participantes e a comunidade internacional de expertos en materia de ordenación do territorio, e constitúen un foro de debate onde compartir experiencias, metodoloxía, investigacións e tamén preocupacións e inquietudes.

3.- Obxecto

O obxecto do convenio é establecer as bases da colaboración entre a Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas e FUNDICOT para a organización e celebración do *"XII Congreso Internacional de Ordenación del Territorio"*, que se celebrará en Santiago de Compostela os días 12, 13, 14 y 15 de noviembre de 2025.

Para a consecución dos fins sinalados, tense previsto formalizar con FUNDICOT o instrumento convencional arriba referido, que producirá efectos a partires da data da súa firma e estará vixente ata o 31 de decembro de 2025.

4.- Fundamentos do instrumento convencional

Constitúe o fundamento do convenio de colaboración a vontade das partes asinantes do acordo para dar continuidade a estes congresos internacionais que se celebran desde o ano 1988.

FUNDICOT é unha asociación sen ánimo de lucro que, conforme ao artigo 4 dos seus estatutos ten entre os seus fins fomentar e desenvolver actividades de investigación, docencia, edición, difusión e calquera outra similar autorizada pola lei, co fin de estender a preocupación pola ordenación do territorio e as accións encamiñadas a acadar unha maior equidade e calidade de vida entre as distintas comunidades.

Unha das ferramentas a través das que poder acadar estes fins é a organización de congresos internacionais de ordenación do territorio.

O *"XII Congreso Internacional de la Ordenación del Territorio"* (XII CIOT), organizado por FUNDICOT e a Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas da Xunta de Galicia, celebrarase en Santiago de Compostela os días 12, 13, 14 y 15 de noviembre de



2025, baixo o título *"Cultura territorial: el futuro no se improvisa"*.

Este novo XII CIOT pretende seguir sendo foro de referencia para a presentación e discusión das condicións, avances, prácticas e experiencias en materia de planificación, implementación, avaliación e xestións territoriais; dende diferentes enfoques (natural, patrimonial, urbano, infraestrutural, paisaxístico, rural, litoral, do desenvolvemento económico rexional...), pero sempre respondendo a unha visión coherente e integrada.

A Dirección Xeral de Urbanismo exerce, entre outras, as funcións de fomento da formación e da investigación, e a elaboración e divulgación de estudos e proxectos en materia de urbanismo e ordenación do territorio, de conformidade co apartado c) do artigo 13.1 do Decreto 42/2019, do 28 de marzo, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería, polo que as actividades obxecto de convenio forman parte das súas liñas de actuación.

Así, resulta fundamental seguir contribuíndo á formación non so do persoal que presta os seus servizos en ámbitos relacionados coa ordenación do territorio na Administración Autonómica, senón tamén dos operadores técnicos e xurídicos relacionados con esta disciplina, nunha clara aposta polo seu desenvolvemento profesional, coa finalidade de poder repercutir eses coñecementos nas políticas de planificación territorial e incidir na calidade dos servizos prestados á cidadanía, fin último que ten que guiar calquera actuación no ámbito público.

Polo exposto, estímase xustificada a utilización do instrumento de convenio para articular as actuacións de referencia, quedando o devandito acordo fora do ámbito de aplicación da *Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público*.

Para a tramitación do convenio, tense observado o cumprimento dos requisitos establecidos na *Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público*.

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica, A directora xeral de Urbanismo,
María Encarnación Rivas Díaz

